

# **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**Programación didáctica  
curso 2021-2022**

**IES Plurilingüe de Ames (Ames, A Coruña)**

# Táboa de contidos

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2</b>	<b>ASPECTOS XERAIS</b>	<b>5</b>
2.1	O MARCO LEGISLATIVO	5
2.2	O CONTEXTO EDUCATIVO	5
2.2.1	<i>O municipio</i>	5
2.2.2	<i>A poboación</i>	6
2.2.3	<i>Centros educativos públicos de Ames</i>	7
2.3	COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	7
2.4	MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO	7
2.5	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	8
2.6	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	9
2.7	CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS XERAIS	11
2.7.1	<i>Educación secundaria obrigatoria</i>	11
2.7.2	<i>Bacharelato</i>	13
2.8	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	15
2.9	PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL	15
2.10	AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	16
2.10.1	<i>Criterios de avaliación</i>	17
2.10.2	<i>Procedementos de avaliación</i>	17
2.10.3	<i>Instrumentos de avaliación</i>	18
2.10.4	<i>Criterios de cualificación</i>	20
2.11	SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	22
2.11.1	<i>Temporalización</i>	22
2.11.2	<i>Atención ao alumnado</i>	22
2.11.3	<i>Materiais e recursos didácticos</i>	23
2.11.4	<i>Avaliación e cualificación</i>	23
2.11.5	<i>Datos de exames</i>	25
2.12	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	25
2.13	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	26
2.14	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26
2.14.1	<i>Plan Proxecta</i>	26
2.14.2	<i>Proxectos de Formación Permanente do Profesorado</i>	28
2.14.3	<i>Saídas e excursións</i>	28
2.14.4	<i>Titorización de alumnado de mestrado</i>	28
2.15	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR	29
2.16	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN TIC	30
2.17	ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO	31
2.18	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE	31
2.19	INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS SOBRE A PROGRAMACIÓN	34
<b>3</b>	<b>PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS</b>	<b>36</b>
3.1	1º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA	36
3.1.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación</i>	36
3.1.2	<i>Temporalización</i>	42
3.1.3	<i>Metodoloxía</i>	42
3.1.4	<i>Materiais e recursos didácticos</i>	42
3.1.5	<i>Avaliación e cualificación</i>	42

3.1.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	43
3.1.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	43
3.1.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	44
3.2	<b>2º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA .....</b>	<b>44</b>
3.2.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	44
3.2.2	<i>Temporalización.....</i>	50
3.2.3	<i>Metodoloxía.....</i>	50
3.2.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	50
3.2.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	50
3.2.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	51
3.2.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	51
3.2.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	52
3.3	<b>3º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA .....</b>	<b>52</b>
3.3.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	52
3.3.2	<i>Temporalización.....</i>	57
3.3.3	<i>Metodoloxía.....</i>	58
3.3.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	58
3.3.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	58
3.3.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	59
3.3.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	60
3.3.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	60
3.4	<b>4º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA .....</b>	<b>60</b>
3.4.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	60
3.4.2	<i>Temporalización.....</i>	68
3.4.3	<i>Metodoloxía.....</i>	68
3.4.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	71
3.4.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	72
3.4.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	74
3.4.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	74
3.4.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	74
3.5	<b>1º ESO: PAISAXE E SUSTENTABILIDADE .....</b>	<b>75</b>
3.5.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	75
3.5.2	<i>Temporalización.....</i>	78
3.5.3	<i>Metodoloxía.....</i>	79
3.5.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	82
3.5.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	83
3.5.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	84
3.5.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	84
3.5.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	87
3.6	<b>1º BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.....</b>	<b>87</b>
3.6.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	87
3.6.2	<i>Temporalización.....</i>	102
3.6.3	<i>Metodoloxía.....</i>	103
3.6.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	104
3.6.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	104

3.6.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	106
3.6.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	106
3.6.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	106
3.7	<b>2º BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA.....</b>	<b>107</b>
3.7.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	107
3.7.2	<i>Temporalización.....</i>	131
3.7.3	<i>Metodoloxía.....</i>	132
3.7.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	133
3.7.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	133
3.7.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	136
3.7.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	136
3.7.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	136
3.8	<b>2º BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE .....</b>	<b>136</b>
3.8.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	136
3.8.2	<i>Temporalización.....</i>	157
3.8.3	<i>Metodoloxía.....</i>	158
3.8.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	159
3.8.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	159
3.8.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	160
3.8.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	160
3.8.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	160
3.9	<b>2º BACHARELATO: XEOGRAFÍA.....</b>	<b>161</b>
3.9.1	<i>Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación .....</i>	161
3.9.2	<i>Temporalización.....</i>	179
3.9.3	<i>Metodoloxía.....</i>	180
3.9.4	<i>Materiais e recursos didácticos.....</i>	180
3.9.5	<i>Avaliación e cualificación .....</i>	181
3.9.6	<i>Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial.....</i>	184
3.9.7	<i>Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC.....</i>	184
3.9.8	<i>Actividades complementarias e extraescolares .....</i>	185

## 1 Introducción e contextualización

O presente texto recolle a programación didáctica do Departamento de Xeografía e Historia para o curso 2020-2021.

Esta programación organízase en dúas partes: aspectos xerais e programacións por materia.

A **primeira parte** recolle os aspectos comúns para todo o departamento tales como: marco lexislativo, contexto educativo, composición do departamento, materias impartidas polo departamento, metodoloxía didáctica, materiais e recursos didácticos, previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva, non presencial e semipresencial, avaliación e cualificación, o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes, medidas de atención á diversidade, atención á diversidade e ao alumnado con necesidades de apoio educativo, elementos transversais, actividades complementarias e extraescolares, accións previstas para o desenvolvemento do proxecto lector do centro, accións previstas para o desenvolvemento do plan de integración das TICs no centro, accións previstas para o desenvolvemento do plan de convivencia do centro, criterios para avaliar a propia programación, programa do departamento, e información ao alumnado e ás familias sobre a programación.

A **segunda parte** recolle información de detalle para cada unha das materias impartidas polo *Departamento* de Xeografía e Historia.

## 2 Aspectos xerais

---

### 2.1 O marco lexislativo

O contexto lexislativo global vén determinado pola *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa* (LOMCE) que a nivel autonómico se concreta no *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

A programación tamén se axusta ao especificado na *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Por último, tamén se incorpora o novo marco da *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* (LOMLOE), na *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato e*

---

### 2.2 O contexto educativo

#### 2.2.1 O municipio

O municipio de Ames, pertence á provincia de A Coruña, e á comarca de Santiago de Compostela, e limita cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Desde o punto de vista natural, sitúase na paisaxe do val da amaía. Ten unha extensión de 94 km sobre a que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. O municipio ten un total de 31,267 habitantes segundo datos de 2018. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamiráns, capital do concello, e O Milladoiro, que concentran entre os dous máis do 60% da poboación.

Ata os anos 1990 Ames foi un municipio estrutura económica e demográfica tradicional rural, cunha presenza do comercio en Bertamiráns e Milladoiro pola súa vinculación coas vías de comunicación Santiago-Noia e Santiago-Pontevedra e camiño portugués repectivamente. As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes pois datan de finais da década dos 80 e comezos dos 90. A partir desa data, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro. A expansión da urbanización fai o municipio presente características urbanas, rururbanas e rurais en diferentes partes do seu territorio.

### **2.2.2 A poboación**

A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 hab. en 1991 a máis do triplo no 2018. Nos últimos catro anos, a taxa de crecemento diminuíu pero segue a manter números positivos, que o sitúan como un dos municipios galegos máis dinámicos en termos demográficos.

A maior parte dos habitantes do municipio son inmigrantes representados numericamente por esta orde: autonómicos, nacionais e internacionais. Isto fai que o alumnado teña escaso arraigo e coñecemento do municipio pois os seus avós residen e teñen as súas orixes noutros lugares.

Con respecto ao nivel académico dos pais e nais, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acadan o 50% e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento das mulleres na educación superior nas últimas décadas. Polo que fai á Formación Profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22,1% fronte un 16,52%.

Un 12,19% dos homes e un 9,13% das mulleres remataron os seus estudos na Educación Primaria.

Así pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte á chegada nos últimos anos de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galicia.

### **2.2.3 Centros educativos públicos de Ames**

A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e IES de Milladoiro.)

O IESP de Ames ten adscritos os seguintes centros: CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e o CEIP a Maía.

---

## **2.3 Composición do departamento**

Durante o curso 2021-2022 o Departamento de Xeografía e Historia estará composto por sete profesores: Sonia Barreiro Martínez, Isabel Cobas Fernández (xefa de departamento), María José Costa Alcalde, Miguel Fernández Blanco, María Dolores Suárez Denis, Alfonso Villar Agra (profesor do Departamento de Lengua Galega e Literatura, con afín de Xeografía e Historia) e Cristina Yáñez Calviño.

---

## **2.4 Materias impartidas polo departamento**

O Departamento de Xeografía e Historia imparte materias nas dúas etapas da Educación Secundaria: educación secundaria obrigatoria (ESO) e educación secundaria postobrigatoria (bacharelato).

**En ESO** impártense cinco materias: Paisaxe e Sustentabilidade de 1º de ESO, Xeografía e Historia de 1º de ESO, Xeografía e Historia de 2º de ESO, Xeografía e Historia de 3º de ESO e Xeografía e Historia de 4º de ESO.

**En bacharelato** impártense cinco materias: Historia do Mundo Contemporáneo en 1º de bacharelato, Historia de España en 2º de bacharelato,



Historia da Arte en 2º de bacharelato, e Xeografía de España, en 2º de bacharelato.

O departamento imparte **dúas materias en lingua estranxeira (inglés)**: Paisaxe e Sustentabilidade de 1º de ESO, e Xeografía e Historia de 4º de ESO.

Estas materias distribúense da seguinte maneira entre o profesorado do departamento:

- Sonia Barreiro Martínez: Xeografía e Historia, de 3º de ESO, Xeografía e Historia, de 4º de ESO, e Historia da Arte ,de 2º de bacharelato.
- M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández: Paisaxe e Sustentabilidade, de 1º de ESO, Xeografía e Historia, de 4º de ESO, e Xeografía de España, de 2º de bacharelato.
- M<sup>a</sup> José Costa Alcalde: Historia do Mundo Contemporáneo, de 1º de bacharelato, e Historia de España, de 2º de bacharelato.
- Miguel Fernández Blanco: Xeografía e Historia, de 1º de ESO, Reforzo de Xeografía e Historia, de 2º de ESO, Xeografía e Historia, de 4º de ESO.
- Alfonso Villar Agra: Xeografía e Historia, de 1º de ESO.
- Cristina Yáñez Calviño: Xeografía e Historia, de 2º de ESO, e Xeografía e Historia, de 3º de ESO.
- M<sup>a</sup> Dolores Suárez Denis: Xeografía e Historia, de 2º de ESO, e Historia de España, de 2º de bacharelato.

---

## 2.5 Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica desenvolvida polo departamento enmárcase na **teoría constructivista** e na **teoría da aprendizaxe significativa**. Trátase dunha metodoloxía centrada no alumnado, activa, participativa e investigativa, que favorece o traballo individual e cooperativo dos alumnos e alumnas, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes (artigo 11.2 do decreto 86/2015).

No caso das materias impartidas en lingua estranxeira, inglés, seguirase ademais a metodoloxía de Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE/CLIL).

Seguiranse as indicacións sobre principios metodolóxicos recollidas no artigo 11 do decreto 86/2015, en relación coa organización do traballo na aula, a coordinación entre profesores, a atención á diversidade, a adquisición das competencias, o fomento da lectura e do uso das TIC, e o desenvolvemento da comunicación plurilingüe.

---

## 2.6 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Seguindo o Decreto 86/2015 (artigo 3), a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato contribuirán a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- **Comunicación lingüística (CCL):** Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta imprescindible. A través das materias do departamento o alumnado desenvolverá técnicas para expresar coñecemento e opinións críticas tanto por escrito como oralmente mediante a realización de definicións, resposta a preguntas curtas, elaboración de resumos, esquemas, mapas conceptuais, recensións, comentarios de diferentes fontes históricas, xeográficas e artísticas, presentacións e debates, entre outras actividades. Consideraranse elementos de ponderación da cualificación do alumnado a calidade e coherencia da redacción, a puntuación e a corrección gramatical e ortográfica.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** Desenvólvese a través de todas as materias do Departamento mediante o uso da dimensión temporal (números romanos, relacións de diacronía e sincronía, relacións entre anos, séculos e milenios, etc.) e comentarios de fontes que conteñan datos numéricos (gráficos, cartografía, fusos horarios, mapas de superficie, climogramas, pirámides de poboación, etc.). Asímesmo, trátanse os desenvolvementos científicos e tecnolóxicos ao longo do tempo e do espazo nas diferentes materias.
- **Competencia dixital (CD):** A competencia dixital resulta imprescindible na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de

traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos. No apartado 2.16 *Accións de contribución ao desenvolvemento do Plan TIC* recóllese o modo no que o departamento contribuirá ao mellorar esta competencia no alumnado.

- **Aprender a aprender (CAA):** Incentivarase a adquisición desta competencia mediante a realización de actividades que fomenten a investigación e a capacidade de relacionar os contidos estudados na aula coa realidade do alumnado fóra dela.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento desta competencia, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

As ciencias sociais xogan un importante papel na conformación das identidades sociais e territoriais, pois na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social, permiten tamén a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. O estudo histórico permitirá que o alumnado comprenda que o mundo en que vivimos é froito de accións e decisións dos nosos antepasados e que adquira a conciencia de que o seu futuro estará condicionado polas nosas decisións e actuacións, polo que debe adoptar unha posición comprometida e responsable ante este.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento das diferentes materias desde unhas metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar activamente e de xeito crítico na vida cívica, para asumir e reivindicar os valores democráticos e para coñecer os seus dereitos e deberes.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** As actividades deseñadas e os instrumentos de avaliación están enfocados a desenvolver a iniciativa persoal e a diminuír a dependencia do alumnado con respecto do profesorado. A metodoloxía activa e investigativa favorece o desenvolvemento da iniciativa persoal e o emprendedorismo.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o

enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concrétase situando os diferentes estilos artísticos e obras no seu contexto histórico e xeográfico, fomentando o coñecemento do patrimonio cultural e artístico da contorna e propiciando actividades que contribúan ao desenvolvemento das súas capacidades culturais e artísticas.

---

## **2.7 Contribución aos obxectivos xerais**

Diferenciamos entre os obxectivos xerais de ESO e de bacharelato, tal e como vén recollido no Decreto 86/2015.

### **2.7.1 Educación secundaria obrigatoria**

Seguindo o artigo 10 do decreto 86/2015, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o

coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **2.7.2 Bacharelato**

Segundo o artigo 26, do decreto 86/2015, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición

ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

---

## 2.8 Materiais e recursos didácticos

Todas as materias disporán de aulas virtuais na plataforma **Moodle** ofrecida pola *Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, na que se ofrecerán materiais e recursos diversos en relación coas necesidades, oportunidades e características de cada materia, así como do alumnado (temario, información complementaria ou alternativos ao libro de texto, vocabularios específicos, enlaces a diferentes materiais online, etc.).

Tamén se poderán usar outros recursos e ferramentas corporativos que ofrece a *Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, como o correo electrónico ou a aplicación Cisco Webex Meeting para videoconferencias e reunións online.

Non en todas as materias se usa libro de texto como recurso, polo que este aspecto será especificado na programación didáctica de cada materia na segunda parte deste documento.

1º de ESO: Dentro do programa E-Dixgal. Non hai libro de texto senón que se utilizará materia preparado polo profesorado, dispoñible na aula virtual.

---

## 2.9 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial

A metodoloxía empregada no departamento busca asegurar a continuidade da actividade de ensino-aprendizaxe nas diferentes modalidades (presencial, semipresencial e non presencial) co menor impacto para o alumnado.

Por esta razón, desde comezo de curso xa se empregarán as novas tecnoloxías como unha ferramenta do ensino presencial. Os alumnos e alumnas daranse de alta nos **cursos virtuais de cada materia** e outros sistemas complementarios que poida usar o profesorado do departamento (Ver apartado 3. *Programacións didácticas específicas*), que serán as ferramentas que se utilicen en caso de ensino semipresencial e a distancia tanto para que o alumnado teña acceso aos contidos da materia como para que poidan facer as actividades e proxectos de investigación tanto individualmente como en grupo.

Empregarase de xeito regular o **correo electrónico** como medio de comunicación fóra da aula e, no caso de docencia semipresencial e non



presencial, también se utilizará a plataforma de vídeo conferencia Cisco Webex Meeting, proposta pola Consellería de Educación.

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital. No primeiro caso potenciaremos unha educación personalizada propoñendo actividades de reforzo, aclaracións e aprendizaxes significativas. No segundo caso, realizaremos unha atención telefónica e enviaremos material por correo ordinario, e informaremos á dirección do centro para podermos tomar as medidas oportunas

---

## **2.10 Avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Neste apartado recóllense os principios comúns do departamento de Xeografía e Historia en relación a avaliación e cualificación. Nas programacións específicas matizaranse estes principios, de ser o caso, segundo as características e necesidades de cada materia (ver apartado 3, *Programacións didácticas*).

A avaliación realizarase sobre os tres elementos involucrados no proceso de ensino-aprendizaxe (proposta de ensino, práctica docente do profesorado e aprendizaxe do alumnado) e será sempre orientativa, construtiva e continua, co obxectivo de corrixir erros, mellorar resultados e lograr unha experiencia educativa o máis proveitosa posible. Centrémonos neste apartado na avaliación do alumnado (ver *Avaliación da programación* para a avaliación da proposta de ensino e da práctica docente).

A avaliación e cualificación do alumnado, ten en conta catro aspectos coherentes cos obxectivos e contidos das materias: os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, os procedementos, os instrumentos e os criterios de cualificación. Os primeiros definen o progreso do alumnado con respecto ao currículo de cada materia, os segundos determinan o modo no que o profesorado avalía dito progreso, os terceiros indican os mecanismos para realizar esa avaliación e os cuartos determinan como se puntuará o progreso do alumnado. Todos eles terán en conta a diversidade do alumnado e serán dados a coñecer aos alumnos e alumnas.

### 2.10.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación veñen determinados no decreto 86/2015 para cada unha das materias (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave). Esta información vén especificada nas táboas de cada programación específica.

### 2.10.2 Procedementos de avaliación

A avaliación debe ser orientativa, construtiva e continua, e debe ter como finalidade a aprendizaxe do alumnado en lugar da superación de probas, sendo acompañada, na medida do posible, dado o elevado número de alumnado e escaseza de recursos, dunha seguimento cotiá con atención á diversidade do alumnado para detectar e corrixir canto antes calquera problema de aprendizaxe que poida existir.

Darase importancia ao progreso do alumnado ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe (**avaliación relativa**) e non só aos resultados de probas puntuais (**avaliación absoluta**) aínda que a implementación deste principio variará dependendo das materias (ver apartado 3, *Programacións específicas*). Realizaranse catro tipos de avaliación: **inicial, formativa ou continua, sumativa ou final e extraordinaria**.

- **Aviación inicial:** É imprescindible para posibilitar unha avaliación relativa e avaliar a proposta de ensino e da práctica docente, pois informa sobre os coñecementos previos e os intereses e motivacións do alumnado, e serve como marco de comparación do progreso do alumnado ao longo do curso.

A avaliación inicial axuda a coñecer as características globais do grupo e tamén a diversidade individual, posibilitando o axuste da programación didáctica e a práctica docente en función dos resultados da mesma.

O resultado da avaliación inicial no se terá en conta para a cualificación do alumnado.

As avaliacións iniciais serán, segundo información da xefatura de estudos, a primeira semana de outubro.

- **Avaliación formativa ou continua:** Posibilita a detección por parte do profesorado de problemas no progreso do alumnado, así como o coñecemento da orixe destes problemas e á súa corrección. Tamén facilita a comprensión e asimilación da materia por parte do alumnado.

Este procedemento dividirase en tres períodos (coñecidos como trimestres), ao final dos que se realizarán as respectivas sesións de avaliacións.

As datas das diferentes avaliacións, segundo a información facilitada pola xefatura de estudos, serán as seguintes:

- 1ª avaliación: semana do 13 ao 17 de decembro.
  - 2ª avaliación: semana do 14 ao 18 de marzo.
  - 3ª avaliación: semana do 21 de marzo ao 3 de xuño. O período desta avaliación é moi amplo pois falta definir a data de avaliación de 2º de bacharelato pola CIUG.
- **Avaliación final ou sumativa:** Realizarase ao final do curso para valorar en conxunto o progreso do alumnado ao longo do mesmo e establecer a súa cualificación. O alumnado que non consiga o aprobado por medio deste proceso terá dereito a unha recuperación ordinaria ao final de curso.

A avaliación final ordinaria de ESO e 1º de bacharelato serán a partir do 6 de xuño. A data da avaliación final ordinaria para 2º de bacharelato será fixada pola CIUG.

- **Avaliación extraordinaria:** Está dirixida ao alumnado que non acadara o aprobado na avaliación final ou sumativa. Esta avaliación realizarase en xuño.
- **A avaliación extraordinaria de ESO e 1º de bacharelato realizarase entre o 20 e o 22 de xuño.** A data da avaliación extraordinaria para 2º de bacharelato será fixada pola CIUG.

### 2.10.3 Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación variarán en relación co procedemento de avaliación que se realice ao longo do curso:

1. **Avaliación inicial:** Teranse en conta os informes do profesorado do curso anterior e realizarase unha probapor escrito ou oralmente, dependendo das características da materia e do alumnado dentro da primeira quincena do curso.

Como parte da avaliación inicial realizarase tamén un seguimento de cada alumno e alumna na aula respecto a súa actitude cara á aprendizaxe, a organización coidado dos materias, nivel de comunicación oral e escrita, autonomía e iniciativa persoal e integración no grupo. Esta información será completada coas aportacións da persona titora, o equipo docente e do Departamento de Orientación.

2. **Avaliación formativa ou continua:** A avaliación continua terá en conta os **contidos conceptuais e procedimentais e os estándares de aprendizaxe e as competencias chave relacionadas**, nomeadamente comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, conciencia e expresións culturais e competencias sociais e cívicas. Estes contidos valoraranse por medio de exames periódicos e liberatorios de materia ou mixtos, que liberan parte da materia e avalían de xeito continuo outra parte; e actividades variadas para atender á diversidade do alumnado: caderno do alumnado, traballo cotiá, participación, realización de actividades e traballos individuais ou en grupo, participación en proxectos, etc.

Tamén se terán en conta **contidos actitudinais relacionados cos estándares de aprendizaxe e as competencias chave relacionadas**, nomeadamente aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais. Terase en conta a participación nas diferentes actividades propostas, o cumprimento dos prazos, a atención e participación na aula, o respecto aos compañeiros e ao profesorado, etc.

**Realizarase como mínimo un exame escrito por avaliación** (ver apartado 3, *Programacións didácticas*).

3. **Avaliación final ou sumativa:** Avaliará os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais por medio do resultado dos exames, os

diferentes traballos e actividades, e a participación ao longo do curso, así como a progresión xeral do alumnado.

En relación coas **probos e a avaliacións non superadas**, realizarase un seguimento cotiá do alumnado, atendendo á diversidade, para detectar e corrixir os problemas de aprendizaxe que se vaian detectando. Cada profesor ou profesora decidirá o sistema de recuperación máis axeitado para as características do alumnado e da materia, e será concretado en cada programación específica (ver apartado 3, *Programacións didácticas*)

4. **Avaliación extraordinaria:** Consistirá nunha proba, co formato que se considere axeitado en relación ás características do alumnado e da materia, e que será concretado en cada programación específica (ver apartado 3, *Programacións didácticas*).

#### **2.10.4 Criterios de cualificación**

Como xa sinalamos para todo o apartado de avaliación e cualificación, neste subapartado só recolleamos os criterios comúns a todo o departamento, mentres que os aspectos específicos serán tratados de xeito individual nas programacións de cada materia.

- O alumnado precisará obter un **5** para aprobar a materia.
- Cada profesor ou profesora poderá decidir, atendendo ás características do alumnado e a materia, se exige unha nota mínima para que o alumnado non teña que repetir unha proba non superada. De existir ese mínimo, aparecerá especificado na programación didáctica específica da materia (ver apartado 3, *Programacións didácticas*).
- En todas as probas, formarán parte da cualificación a presentación, a calidade e coherencia da redacción, a puntuación, e a corrección gramatical e ortográfica.
- **Nota final da avaliación ordinaria:** A nota da avaliación ordinaria obtense de sumar a media de cada unha das tres avaliacións, sen redondeo, e dividir esta cifra entre tres. No caso de que esa cifra sexa inferior a 5 realizarase unha recuperación tal e como se indicou no apartado 2.10.3

*Instrumentos de avaliación*, e se concreta en cada programación didáctica específica por materias do apartado 3. *Programacións didácticas*.

Independentemente do modelo de proba que designe cada profesor ou profesora en relación coas características do alumnado e a materia, a nota de recuperación obtida nunha proba de recuperación dentro da avaliación ordinaria fará media co resto das probas que non foron obxecto de recuperación.

- **Nota da avaliación extraordinaria:** A cualificación final do alumnado que precise realizar a avaliación extraordinaria será a nota obtida na proba realizada nesa avaliación extraordinaria.
- **Cálculo da cualificación de cada avaliación para que apareza nas actas:** As notas da avaliación que aparecen no Xade e nos boletíns do alumnado, só admiten números enteiros, polo que se aplicará o seguinte criterio de redondeo:

Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, a nota coincidirá coa cifra do promedio.

Se o alumno obtivo como promedio unha nota con décimas, nas actas da avaliación redondearase ou ben á cifra enteira superior ou inferior, dependendo das décimas obtidas: Redondearase á cifra enteira superior se as décimas teñen un valor igual ou maior de cinco. Redondearase á cifra enteira inferior se as décimas teñen un valor inferior a cinco.

- O alumno ou alumna do que se demostre, xa sexa durante a realización do exame por parte do alumnado como durante a corrección do mesmo polo profesorado, que copiou nun exame, será cualificado cun 0 nesa proba. Así mesmo, o alumno ou alumna do que se demostre que entregou un traballo con información plaxiada será cualificado cun 0 no mesmo.
- Durante as probas escritas todo o **material de estudio e os teléfonos móbiles** estará gardado fóra do alcance do alumnado.
- Cando un alumno ou alumna non se presente a unha proba, deberá xustificar oficialmente as causas da súa ausencia, sendo a súa nai, pai ou responsable legas as persoas que teñen que facer constar a causa xustificada. De non ser así, deberá presentarse a proba de recuperación ou

ao exame final segundo o caso, xa que non terá dereito a repetición de dito exame.

---

## **2.11 Seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes**

Segundo o artigo 28.4 da LOMCE “Quen promocionen sen ter superado todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes a ditos programas de reforzo (...)”.

Para facilitar ao máximo a recuperación das materias pendentes o Departamento de Xeografía e Historia levará a cabo un procedemento de organización da materia, seguimento, reforzo e avaliación do alumnado.

### **2.11.1 Temporalización**

O total da materia dividirase en dous grandes bloques que serán avaliados en dúas convocatorias (ordinaria e extraordinaria) con datas fixadas pola xefatura de estudos e que aínda están por definir no momento de redacción desta programación.

Unha vez que coñezamos as datas de cada avaliación poderemos concretar a temporalización dos contidos e finalizar o deseño dos boletíns de actividades.

Durante o primeiro trimestre facilitarase ao alumnado un boletín con actividades relacionadas co primeiro e segundo bloque da materia e indicacións sobre os criterios de avaliación e cualificación.

### **2.11.2 Atención ao alumnado**

Unha vez que a xefatura de estudos comunique as datas das avaliacións, concretarase a temporalización dos contidos, finalizarase o deseño dos boletíns de actividades e convocarase ao alumnado a unha reunión informativa sobre procedementos, instrumentos e criterios de avaliación, así como das datas de avaliación.

Nesta reunión tamén se entregará ao alumnado os boletíns de actividades que deben realizar ao longo do curso e serán informados de que profesor ou profesora realizará o seguimento do seu progreso cotiá, que se corresponderá

coa persoa do departamento que imparta clases a ese alumnado durante o curso actual.

Durante a realización dos exames, o alumnado estará supervisado e atendido pola xefa de departamento.

### 2.11.3 Materiais e recursos didácticos

Todos os alumnos con materias pendentes usarán como base de traballo a aula virtual. Ademais, os alumnos e alumnas tamén poderán utilizar o libro de texto como complemento se así o prefiren.

- **Libro de texto de 1º ESO:** Xeografía e Historia 1º ESO. 2016. Serie Descubre. Proxecto Saber Facer. 978-84-9972-356-3
- **Libro de texto de 2º ESO:** Xeografía e Historia 2º ESO. 2017. Serie Avanza. Proxecto Saber Facer. 978-84-9972-598-7
- **Libro de texto de 3º ESO:** Mas, A. et al. (2015): Xeografía e Historia 3º ESO. Editorial Vicens Vives. 978-84-682-3123-5
- **Libro de texto de 1º de bacharelato:** Fernández, J. M. et al. (2015): Historia do Mundo Contemporáneo. Editorial Santillana. 978-84-9972-286-3

O profesorado que imparta clases durante o curso actual ao alumnado con materias pendentes será quen realice o seguimento cotiá deste.

Durante a realización dos exames, o alumnado estará supervisado pola xefa de departamento.

### 2.11.4 Avaliación e cualificación

- Criterios de avaliación: Seguiranse os criterios de avaliación especificados para cada materia no Decreto 86/2015 e recollidos nas distintas programacións específicas.
- Instrumentos de avaliación: O progreso do alumnado avaliarase por medio de **dous instrumentos**: boletín de actividades e exames escritos.

Durante o primeiro trimestre facilitarase ao alumnado un boletín con actividades relacionadas co primeiro e segundo bloque da materia e indicacións sobre os criterios de avaliación e cualificación.



O alumnado cumprimentará correctamente os boletíns e entregaraos ao profesor ou profesora do departamento de Xeografía e Historia que lle imparta clase no curso actual nas datas fixadas polo Departamento en coordinación coa Xefatura de estudos.

O alumnado de ESO con materias pendentes terá aprobada a materia se completa adecuadamente os boletíns de actividades. Se non completa correctamente o boletín de actividades deberá realizar un exame sobre os contidos traballados no boletín de actividades na data sinalada por Xefatura de estudos para a recuperación ordinaria.

O alumnado de 2º bacharelato con materias pendentes deberá completar o boletín de actividades e realizar un exame con preguntas relacionadas cos contidos traballados no boletín de actividades na data marcada pola Xefatura de estudos para cada unha das dúas avaliacións. Se non consegue aprobar a materia deste xeito, deberá facer o exame de recuperación ordinaria na data marcada por Xefatura de estudos.

O alumnado tanto de ESO como de 2º de bacharelato que non consegue aprobar as materias pendentes na convocatoria ordinaria, deberá realizar un exame sobre toda a materia na convocatoria extraordinaria en xuño.

- Criterios de cualificación: Aplícanse os criterios detallados no apartado de *avaliación e cualificación*, polo que só especificamos a continuación os aspectos relativos ás porcentaxes na cualificación.

Os alumnos e alumnas de ESO que superen a materia coa entrega de boletíns non poderán obter máis dun 6 de cualificación final. O alumnado que non entregue o boletín de actividades e se presente ao exame de recuperación será puntuado coa nota que obteña no exame.

Para os alumnos e alumnas de bacharelato o exame supora un 60% da nota total e o boletín de actividades un 40% da nota total. O alumnado que non entregue o boletín de actividades e se presente ao exame de recuperación será puntuado facendo media entre a nota do exame, que supón un 60% da nota total, e a nota correspondente ao boletín, que constitúe o 40% da nota total.

### 2.11.5 Datas de exames

As datas dos exames para o curso 2021-2022 aínda non foron designadas. Serán incorporadas á programación en canto sexan dadas a coñecer pola xefatura de estudos.

---

### 2.12 Atención á diversidade e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A LOMCE (artigo 17) recolle que lle corresponde á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

Con respecto á atención á diversidade, a flexibilidade da programación didáctica para atender ás necesidades dos alumnos e alumnas obsérvase tanto nos contidos, como na metodoloxía e no sistema de avaliación e cualificación.

- **Contidos:** Adaptaranse os contidos para asegurar o seguimento por parte de todo o alumnado e o axuste aos diferentes ritmos e características de aprendizaxe.
- **Metodoloxía didáctica:** Propóranse actividades de aprendizaxe variadas que teña diferentes estilos, ritmos e capacidades de aprendizaxe; levaranse a cabo distintas formas de agrupamento do alumnado (individual, por parellas, en grupo), sempre que o permita o protocolo de pandemia, que fomente tanto a autonomía como o traballo cooperativo, e realíza-se unha avaliación inicial e seguimento continuo da progresión do alumnado.
- **Avaliación:** Levarase a cabo unha avaliación relativa que teña en conta a progresión de cada alumno e alumna e ofreceranse diferentes instrumentos de avaliación para asegurar a atención á diversidade (probos escritos e orais, traballos individuais e en grupos, participación na clase, uso de novas tecnoloxías, etc.).

Polo que respecta ao alumnado con necesidades de apoio educativo, o Departamento de Xeografía e Historia traballará en coordinación co

Departamento de Orientación, Dirección e o equipo docente para identificar necesidades de apoio educativo e tomar as medidas oportunas.

---

### **2.13 Elementos transversais**

O decreto 86/2015 (artigo 4) recolle que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional será traballada en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Tamén indica que a consellería correspondente porá os medios para que se traballen a igualdade de xénero, igualdade de trato e non discriminación, prevención da violencia de xénero e da violencia contra persoas con discapacidade, prevención e resolución pacífica de conflitos liberdade, xustiza, pluralismo político, paz, democracia, dereitos históricos, estado do dereito, prevención do terrorismo, xenofobia e homofobia, competencia viaria, creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, sentido crítico e autoconfianza.

Estes elementos transversais serán traballados nas distintas materias impartidas polo departamento.

---

### **2.14 Actividades complementarias e extraescolares**

Recóllese a continuación a proposta de actividades complementarias e extraescolares provisional. Esta proposta será concretada en posterior xuntanza do Departamento, unha vez que se resolvan as diferentes convocatorias de participación en proxectos e coñezamos as características concretas do alumnado. A programación definitiva de actividades extraescolares será posta en coñecemento da Vicedirección para a súa posterior aprobación polo Claustro e o Consello Escolar, e estará suxeita á progresión da pandemia de Covid-19.

#### **2.14.1 Plan Proxecta**

O departamento participará no *Plan Proxecta* organizado pola *Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, a través de dous proxectos:

**Proxecto Terra:** Levarase a cabo co alumnado de Paisaxe e Sustentabilidade, de 1º de ESO, e puntualmente na materia de Xeografía e Historia, de 4º de ESO, e Xeografía de España, de 2º de bacharelato.

Este proxecto estará coordinado por M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández e incluírá as seguintes actividades:

- **Patio con(vida):** Estudo do patrimonio natural do instituto e propostas de mellora do patio desde o punto de vista medioambiental e social. Realizarase unha exposición coa información obtida e visitas guiadas ao patio. O alumnado participará en diferentes obradoiros e charlas. Retomarase o proxecto no que colabora a Aula de Natureza do Concello de Ames para agrandar a charca, publicar o catálogo de plantas, facer un seguimento fenotípico dunhas árbores, elaborar caixas aniñadoiras
- **Estudo do patrimonio natural e cultural de Ames** e realización dun roteiro.
- Como parte da participación neste proxecto, e dependendo da progresión da situación de pandemia, poderase realizar unha saída dunha mañá ou un intercambio territorial de dous días dos que ofrece o Proxecto Terra.

**Educación patrimonial:** Levarase a cabo co alumnado da materia de Xeografía e Historia, de 4º de ESO, e puntualmente co alumnado da materia de Paisaxe e Sustentabilidade, de 1º de ESO. Este proxecto estará coordinado por M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández e incluírá as seguintes actividades:

- **Historia do IESP de Ames:** O alumnado continuará co estudo da historia do centro xa comezada o curso pasado, levará a cabo unha exposición no centro sobre os datos obtidos e realizará visitas guiadas ao centro e ao seu eido.
- **O patrimonio de Ames:** O alumnado analizará a paisaxe cultural de Ames e do seu contorno máis próximo, incluíndo tamén elementos inmateriais como as festas e a danza. Realizaranse diferentes obradoiros de danza histórica ao longo do curso.

- Como parte da participación neste proxecto poderá ser solicitado e concedido unha **saída do centro en horario lectivo** para coñecer o patrimonio do municipio.

#### **2.14.2 Proxectos de Formación Permanente do Profesorado**

O departamento participa en dous *Proxectos de Formación Permanente do Profesorado* (PFPP), organizados polo *Centro Autonómico de Formación e Innovación* (CAFI) e a *Consellería de Cultura, Educación e Universidade*. Ambos proxectos están coordinados por profesores doutros departamentos do centro.

- **O IESP de Ames, un espazo sostible e seguro:** Levarase a cabo co alumnado de Paisaxe e Sustentabilidade, de 1º de ESO, Xeografía e Historia, de 4º de ESO, e, puntualmente, Xeografía de España, de 2º de Bacharelato. Neste proxecto participan as profesoras Sonia Barreiro Martínez e M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández.
- **Redes de Cooperación para o traballo da Memoria Democrática e os Dereitos Humanos:** Levarase a cabo co alumnado de Xeografía e Historia, de 4º de ESO, Historia do Mundo Contemporáneo, de 1º de bacharelato, e, puntualmente, Xeografía de España, de 2º de Bacharelato. Neste proxecto participan as profesoras Sonia Barreiro Martínez, M<sup>a</sup> José Costa Alcalde e M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández.

#### **2.14.3 Saídas e excursións**

Dependendo da progresión da situación de pandemia, poderá levarse a cabo unha saída a Santiago de Compostela ou unha excursión a Madrid, París ou Roma, do alumnado de Historia da Arte, de 2º de bacharelato. A responsable destas saídas será a profesora Sonia Barreiro Martínez.

#### **2.14.4 Titorización de alumnado de mestrado**

O departamento solicitará, como xa fixo en cursos anteriores, a súa participación no programa de titorización de alumnado do mestrado en educación. Polo de agora descoñécese se haberá ou non alumnado asignado ao departamento.

---

## 2.15 Accións de contribución ao desenvolvemento do proxecto lector

O Plan de Fomento da Lectura constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía LOMCE, polo recoñecemento que a lectura ten como ferramenta básica na aprendizaxe e na formación integral do noso alumnado, así como a principal vía de acceso ao coñecemento e a cultura.

A lectura comprensiva é fundamental para asimilar a información de forma crítica e convertila en coñecemento, e contribúe enormemente á formación do individuo e da sociedade.

Dada a transcendencia da lectura na conformación do individuo e, polo tanto, da sociedade; a adquisición e consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario do centro (particularmente na etapa da ESO tal e como recolle o artigo 38 do decreto 86/2015).

O Departamento de Xeografía e Historia realizará as seguintes accións para contribuír ao desenvolvemento do proxecto lector:

- Inclusión da lectura en voz alta como parte das actividades das materias para poder detectar problemas de lectura, comprensión e pronunciación.
- Recomendación e emprego de libros, ou fragmentos de libros, en papel ou electrónicos, xa sexan ensaio ou ficción, como parte dos recursos didácticos.
- Aplicación de estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión (resumo, esquema, mapa conceptual, parafraseo, recensión, comentario, lectura dirixida, etc.) mediante o emprego de diferentes textos completos ou adaptados tanto en soporte de papel como dixitais (novas de xornal, textos, artigos, letras de cancións, blogs, etc.).
- Achegamento do alumnado á biblioteca do centro para o coñecemento dos seus fondos e a utilización destes recursos na elaboración de traballos e tarefas.
- Realización de escolmas bibliográficas e audiovisuais relevantes para os diferentes proxectos de investigación que se vaian realizando ao longo do curso e reserva dun espazo de consulta dese material na biblioteca.

- Educación do alumnado no respecto ao material de lectura e audiovisual do centro.

O Departamento de Xeografía e Historia continuará a participar na dinamización da biblioteca do centro coa súa participación no **Club de Lectura**. Tamén participará un ano máis no **Programa Prensa-Escola**, de La Voz de Galicia co alumnado de Xeografía e Historia de 4º de ESO e Xeografía de España, de 2º de bacharelato.

Nas programacións específicas de cada materia detállanse as contribucións máis concretas, se houber, de cada materia ao desenvolvemento do proxecto lector (Ver apartado 3. *Programacións didácticas*)

---

## **2.16 Accións de contribución ao desenvolvemento do plan TIC**

As características da sociedade e do mercado laboral actuais fan imprescindible que o alumnado reciba unha boa educación no uso das tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). Desde o Departamento de Xeografía e Historia contribuírase ao desenvolvemento do Plan TIC do seguinte xeito:

- O profesorado utilizará, na medida do posible, as TIC no seu labor docente e nas súas actividades no centro (Participación no programa E-Dixgal, uso das aulas virtuais, uso da aplicación Cisco Webex Meeting, elaboración de PowerPoints, uso de aulas virtuais, uso de material multimedia, uso das redes sociais, elaboración de programacións, elaboración de actividades, coordinación co resto do claustro, utilización do sistema XADE e Abalar, etc.).
- Utilizaranse sitios webs e contornos educativos no que o alumnado poida facer un mellor proveito da información disponible e desenvolver habilidades de busca e selección de información dun xeito máis dirixido (Google Maps, Google Docs, Vimeo, Audacity, Movie Maker, blogues, aplicacións de elaboración propia do profesorado, como KaleidoScapes [Bienvenidos - KaleidoScapes](#)).
- Educarase ao alumnado no respecto ao material do centro e na necesidade de utilizar as TIC de xeito ético e respectuoso cos demais.

- Relacionarase o uso das TIC co fomento da lectura, axudando aos alumnos a teren unha visión crítica para poder seleccionar e comprender adecuadamente a información disponible en Internet.
- Estimularase o uso activo das TIC para buscar, obter e procesar información, de xeito que poida comprendela, integrala en esquemas previos de coñecemento e transmitila de xeito eficaz. O alumnado tamén será animado a utilizar as TIC para elaborar e presentar información e tarefas, actividades e proxectos de investigación.
- O profesorado preparará as actividades relacionadas coas TIC con antelación de xeito que o seu uso se axuste claramente a uns contidos e obxectivos pedagóxicos e seguirá as instrucións do profesorado coordinador TIC na habilitación ou emprego dos recursos TIC polo alumnado.
- Estimularase o uso dos medios e do formato dixital na realización e presentación das actividades e tarefas do alumnado.

---

## **2.17 Accións de contribución ao plan de convivencia do centro**

Desde as materias impartidas polo departamento pódese contribuír a mellorar a convivencia do alumnado do centro poñendo especial énfase nos contidos transversais de educación para a paz, educación para o consumo, educación para a igualdade de oportunidades e educación para a diversidade cultural (tal e como se recolle no apartado *Elementos transversais*).

---

## **2.18 Avaliación da programación e a práctica docente**

A **avaliación da proposta de ensino e da práctica docente** é fundamental para adecuala á realidade e ás necesidades que presenta o alumnado tendo en conta a atención á diversidade, posto que no momento de entrega da programación aínda non coñecemos aos alumnos e alumnas do curso. Tamén permitirá incorporar melloras para a programación do vindeiro curso. A avaliación realizarase por parte do profesorado e do alumnado.

A avaliación do profesorado basearase na autoavaliación e na observación e avaliación das características e progreso do **alumnado** por parte do



profesorado e a necesidade de adaptación a aspectos de organización do curso como variacións na temporalización, desenvolvemento da pandemia ou outros imprevistos.

A proposta de ensino e a práctica docente avaliarase de xeito continuo e progresivo, **polo profesorado** en primeiro lugar de xeito individual, a continuación por grupos de profesores que imparten o mesmo nivel e, por último, por todos os membros do departamento, que, polo menos unha vez ao mes, analizarán o desenvolvemento da programación didáctica e establecerán medidas correctoras se é o caso. Logo da realización de cada unha das sesións de avaliación realizarase unha nova valoración da proposta de ensino e da práctica docente e, por último, ao remate do curso farase unha avaliación global do cumprimento da programación. Tamén se terán en conta os informes das **xuntas avaliadoras** e do **Departamento de Orientación**.

A avaliación da proposta e da práctica docente **por parte do alumnado** terá en conta a avaliación e propostas realizadas polo propio alumnado ao longo do curso, quer a través de comentarios informais ou quer por medio de cuestionarios de avaliación.

Nas actas correspondentes e na memoria do curso documentaranse as modificacións motivadas introducidas durante o ano académico na programación didáctica, así como as propostas de mellora para seren incorporadas na programación do curso seguinte.

Entendemos que para avaliar o proceso de ensino do profesorado e a práctica docente, intentar corrixir os desaxustes e as carencias que poden xurdir do propio proceso, sería necesario deseñar uns indicadores de logro que servirán de elemento de partida para esa análise de autoavaliación da función docente.

A seguir presentamos unha posible enquisa de avaliación para repartir ao alumnado para responder. O alumnado usará unha escala de puntuación de 1 a 4 (Deficiente, Apto, Satisfactorio e Excelente).

Os resultados serán analizados para reflexionar, debater e adoptar as medidas correctoras ou complementarias nos aspectos que se considere necesarios.

## Indicadores de logro do proceso de ensino

	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. avaliación.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## Indicadores de logro da práctica docente

	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				

6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 2.19 Información ao alumnado e ás familias sobre a programación

O departamento realizará as seguintes accións para asegurar que o alumnado e as familias coñecen o contido da programación e os criterios de avaliación seguindo as indicacións da Orde de 2 de marzo de 2021.

- O departamento enviará a programación didáctica á Dirección do centro no prazo requerido para que esta poida incorporar a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, así como o tratamento transversal da educación en valores, ao proxecto educativo do centro, que será fixado e aprobado polo claustro (segundo se especifica no artigo 3.1).
- O profesorado do departamento manterá unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal (segundo o especificado no artigo 3.3).

- O profesorado do departamento transmitirá ao seu alumnado a información relevante sobre a programación correspondente (contidos, procedementos e criterios de avaliación e cualificación, etc.) a comezos de curso e poderá facer recordatorios sobre a mesma en cada avaliación.

### 3 Programacións didácticas

#### 3.1 1º ESO: Xeografía e Historia

Esta materia desenvolverase segundo o estipulado no decreto 86/2015 e será impartida polos profesores Miguel Fernández Blanco e Alfonso Villar Agra.

##### 3.1.1 Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación

No decreto 86/2015 especificanse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Na táboa a seguir recollemos esa información e engadimos o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico						
b e f g	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas.	40%	Proba oral ou escritas Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	50%	Proba escrita ou oral. Traballo do alumnado	CCA CMCCT CD

b e f g	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	50%	Proba escrita ou oral. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	50%	Proba escrita ou oral. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
			XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	50%	Proba escrita ou oral. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h m	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD CCL CAA
b e f g	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f h m	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	50%	Proba oral ou escrita. Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD

b e f m	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	50%	Proba oral ou escrita- Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g h m	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CAA CMCCT CD CCL
Bloque 3. A Historia						
g l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT

f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCL
f l	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT
f l	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT
f g l	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT CAA
c g h l ñ	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCL CAA
	B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.		XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
	B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.					



l n	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC
a c d g h l	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA CCL
g h l	B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
f g h l	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CMCCT CAA
			XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCL
g h l	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa creenza na vida do alén.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CCL
			XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CAA
g h l	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CAA
a c d g h l	B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCL CAA
g l	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA

a c d g l	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	40%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
f g h l n	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CCL
			XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	40%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CMCCT CAA CCL
a c d g l	B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
g l n ñ	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CAA
g l n ñ	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	40%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CAA
			XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC CAA
			XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	50%	Proba escrita ou oral Traballo alumnado	CSC CCEC

### 3.1.2 Temporalización

- 1ª avaliación: A Terra e a súa representación, O relevo terrestre, As sugas, O clima.
- 2ª avaliación: As paisaxes da Terra, Atlas da Terra, A Prehistoria, As civilizacións fluviais: Mesopotamia e Exipto.
- 3ª avaliación: A civilización grega, A civilización romana, O territorio de Española e Galicia na Antigüidade.

### 3.1.3 Metodoloxía

A metodoloxía é coherente coa información recollida no apartado 2.5 Metodoloxía didáctica.

### 3.1.4 Materiais e recursos didácticos

Esta materia forma parte do programa E-Dixgal, polo que non se utiliza libro de texto de papel.

Seguirase a metodoloxía indicada no apartado 2.5.

### 3.1.5 Avaliación e cualificación

Os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación, son coherentes cos principios comúns especificados no apartado, *avaliación, cualificación e promoción do alumnado*. Neste apartado trataremos unicamente aqueles aspectos que son específicos desta materia.

#### 3.1.5.1 Instrumentos de avaliación

- **Exames:** Realizaranse un mínimo de dous exames por trimestre. Nas probas escritas poderán incluírse: análise guiada de textos, gráficos, mapas, imaxes; localizacións en mapas; preguntas breves e longas; definicións; ubicación espazo-temporal de acontecementos e personaxes. As probas puntuarase cunha nota numérica sobre 10.
- **Traballo:** Relizaranse actividades individuais e/ou en equipo. Farase un seguimento dese traballo a través do caderno das/os alumnas/os no que se valorará a realización e entrega puntual das tarefas, así como a realización das correccións indicadas polo profesor/a nas diversas actividades. Entre as

actividades que poden traballar as/os alumnos/as, caben subliñar: eixes cronolóxicos, esquemas, resumos, mapas conceptuais; análise de forma guiada de documentos como gráficos, mapas, textos, imaxes...; pequenas investigacións individuais ou grupais, etc.

- **Proba de recuperación:** Será realizada ao final da terceira avaliación polo alumnado que non acadara un 5 de media entre as tres avaliacións. A recuperación consistirá nunha proba escrita sobre os contidos das avaliacións que cada alumno e alumna teña suspensas.

### **3.1.5.2 Criterios de cualificación**

- **Nota mínima necesaria nos exames para non ter que repetir a proba:** Non se exixirá puntuación mínima para non ter que repetir unha proba non superada, senón que se fará media con todas as puntuacións do alumnado.
- **Porcentaxes nos que se divide a cualificación global:** A cualificación global de cada avaliación divídese nas seguintes porcentaxes: resultado dos exames escritos, 80% da puntuación total, e traballo e participación cotiá, 20% da puntuación total.
- **Cualificación final:** A cualificación final obterase da suma da cualificación global de cada avaliación (segundo as porcentaxes explicadas anteriormente) e a división desta cifra entre tres (correspondentes ás tres avaliación do curso escolar).
- **Recuperación dentro da recuperación da avaliación ordinaria:** A cualificación final da recuperación obterase de facer media entre a nota obtida na proba de recuperación, que substituirá á nota do bloque dos exames, e a nota obtida no bloque de traballo durante o curso.

### **3.1.6 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividad lectiva non presencial e semipresencial**

Ver apartado 2.9.

### **3.1.7 Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC**

Ver apartados 2.15 e 2.16.

### 3.1.8 Actividades complementarias e extraescolares

Por mor da situación de pandemia, non se propón polo de agora ningunha actividade complementaria ou extraescolar. No caso de mellorar a situación de pandemia, propóranse as actividades para a súa aprobación polo Claustro e Consello escolar.

---

## 3.2 2º ESO: Xeografía e Historia

Esta materia desenvolverase segundo o estipulado no decreto 86/2015 e será impartida polas profesoras M<sup>a</sup> Dolores Suárez Denis e Cristina Yáñez Calviño.

### 3.2.1 Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación

No decreto 86/2015 especificáanse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Na táboa a seguir recollemos esa información e engadimos o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
	Bloque 1. O medio físico					
b e f g	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD CCL
b e f	B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso					
Objec-tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
g h		os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	50%	Proba escrita e/ou oral. Traballo alumnado	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h	B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD
			•XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h	B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	50%	Proba escrita e/ou oral Traballo alumnado	CAA CMCCT CD
			XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g m	B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD
b e f g h m ñ	B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CD CCL
	Bloque 2. O espazo humano					
b c e f	B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	50%	Proba escrita e/ou oral. Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
g			XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	50%	Proba escrita e/ou oral. Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD
b c e f g h	B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	50%	Proba escrita e/ou oral. Traballo alumnado	CAA CCL CSC CD
			XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
			XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h	B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h	B2.5. Proceso de urbanización no planeta.	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
			XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
b c e f g h	B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	50%	Proba escrita e/ou oral . Traballo alumnado	CAA CMCCT CSC CD CCL
			XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	50%	Actividade na aula	CSC CMCCT CAA
flmñ	B10.2. Cambio e continuidade.	B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	50%	Actividade na aula	CSC CMCCT
			XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	50%	Actividade na aula	CSC CMCCT

Xeografía e Historia. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
filiñ	B10.3. Tempo histórico.	B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	50%	Actividade na aula	CSC CMCCT
hiliñ	B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.	B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	50%	Exame e participación na aula	CSC CCL

### 3.4.2 Temporalización

- 1ª avaliación: Bloque 10 (Introdución á historia e ás fontes históricas), Bloques 1, 2 e 3 (o século XVIII ata 1789, as revolucións liberais, a Revolución Industrial).
- 2ª avaliación: Bloques 4, 5 e 6 (Imperialismo no século XIX e a Primeira Guerra Mundial, o período de entreguerras, e a Segunda Guerra Mundial).
- 3ª avaliación: Bloques 7, 8 e 9 (A estabilización do capitalismo e o illamento económico do bloque soviético, o mundo recente entre os séculos XX e XXI, a revolución tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e o século XXI), e reflexión final sobre o curso.

### 3.4.3 Metodoloxía

A metodoloxía empregada nesta materia busca asegurar a continuidade da actividade de ensino-aprendizaxe nas diferentes modalidades (presencial, semipresencial e non presencial) co menor impacto para o alumnado.

Utilizaremos unha metodoloxía mixta, na que se combinen distintos enfoques pedagóxicos, botando tanto man de recursos máis clásicos como poden ser as explicacións e as lecturas na aula, coma doutros máis actuais, deixando espazos á participación do alumnado mediante a continua interacción con eles, as exposicións de traballos, etc.

Así, intentaremos favorecer diferentes tipos de aprendizaxe, procurando que o alumnado desenvolva todas as súas capacidades: memorística, constancia no traballo, creatividade, asociación de ideas, cooperación entre eles, etc.

Sempre se empregará unha metodoloxía activa do alumnado que favoreza a súa participación como cidadáns e cidadás democráticos para a consecución dun mundo máis xusto e sustentable. Neste sentido realizaranse traballos sobre a contorna do alumnado e que inclúan á comunidade educativa, na medida en que a situación de pandemia o permita.

En calquera caso, tratarase en todo momento de que os estudantes sintan verdadeiro interese e disfruten coa materia. Con este fin intentaremos coñecer ben ao grupo para poder adaptarnos na medida do posible ás súas preferencias para que poidan sacar o maior aproveitamento posible da experiencia de ensinanza-aprendizaxe.

Para os grupos que cursan a súa materia en inglés seguirase a metodoloxía **CLIL /AICLE** (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira).

O principal obxectivo da incorporación da lingua estranxeira ao ensino da materia é que o alumnado acade confianza no uso desa lingua, por iso se intentará que o alumnado acade un uso da lingua estranxeira axeitado ao seu nivel de coñecementos, facendo fincapé no uso vivo da lingua máis que na corrección académica da mesma.

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, reforzando e ampliando o coñecemento e uso da lingua inglesa.
- Formar cidadáns no contexto dun mundo globalizado, a través do achegamento e afondamento noutra cultura, da cal a lingua é un instrumento fundamental.
- Favorecer a participación do alumnado nos programas educativos europeos, tanto no ensino secundario como no universitario, favorecendo unha futura mobilidade tanto persoal como profesional.

A impartición da materia en inglés enmárcase no programa CLIL (Contents and Language Integrated Learning) ou AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras). Este programa promove o uso dunha metodoloxía flexible e dinámica no que se resuman os contidos de xeito que poidan ser traballados nunha lingua estranxeira.

O estudo desta materia en inglés aumenta a dificultade da materia para o alumnado. Por este motivo, introdúcese un apoio en lingua galega para repetir

e reforzar as explicacións máis teóricas. A medida que avanza o curso e que o alumnado colle máis confianza en que pode superar a materia malia o uso da lingua inglesa irase diminuindo o apoio na lingua galega.

Levarase a cabo o seguinte procedemento ao longo do curso en relación co progreso do alumnado con respecto á materia e á lingua inglesa. **Dadas as circunstancias actuais de pandemia, realizarase a adaptación que se considere necesaria e axeitada segundo as circunstancias do curso:**

- Antes do comezo do curso, farase unha avaliación inicial dos seus coñecementos da materia así como as súas capacidades lingüísticas en inglés nas catro principais competencias: fala, escoita, escrita e lectura, para coñecer a diversidade do alumnado e poder enfocar mellor a materia e o uso da lingua estranxeira.
- Ao principio do curso introduciranse na aula temas cotiás, para que os alumnos e alumnas se sintan máis cómodos traballando en inglés e deste xeito collan máis confianza nas súas posibilidades.
- Destilaranse os contidos priorizando claramente os máis relevantes e evitando solapamentos, para posibilitar unha aprendizaxe na que teña un peso moi importante a actividade práctica. Non se trata de reducir os coñecementos adquiridos se non de asegurar que o alumnado se centra en aspectos relevantes e non en información de detalle que rematará esquecendo. Ponse o énfase na calidade e relevancia dos contidos adquiridos máis que na cantidade.
- Cando sexa posible, desde a materia de inglés realizaranse actividades relacionadas cos contidos da materia de Ciencias Sociais, Xeografía, para contribuír a reforzar o vocabulario específico.
- Durante o curso, levaranse a cabo reunións coa coordinadora de plurilingüe para avaliar o progreso do alumnado no traballo da materia usando a lingua inglesa e para definir medidas correctoras se existe algún problema.
- Sempre se atenderá á diversidade do alumnado, tanto en relación á materia como á lingua estranxeira, adaptando na medida do posible a actividade de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado.

- Os erros producidos no uso da lingua estranxeira nunca puntuarán negativamente. O uso da lingua inglesa para responder aos exames será optativo e sempre puntuará positivamente.

#### 3.4.4 Materiais e recursos didácticos

Poderase usar o seguinte manual como libro de texto obrigatorio para o alumnado: Barclay, B. et al. (2014): History 4<sup>o</sup> ESO. *Bilingual Secondary Education*. Editorial LinguaFrame. Granada. 978-84-939346-7-5.

Para esta materia usarase material de elaboración propia, material extraído de diferentes sitios web de información xeográfica, material información de novas xornalísticas, fichas con fragmentos de textos, capítulos de novelas, artigos de prensa ou entrevistas, documentais e películas, música, teatro, conferencias de especialistas que convidemos á aula, visitas a exposicións o lugares de interese se a evolución da pandemia o permite.

Os recursos que se poderán empregar para traballar estes materiais son os seguintes:

- **Curso virtual:** No curso virtual de Geography and History enmarcado na aula virtual do centro os alumnos e alumnas teñen ao seu dispor toda a información relativa aos temas do currículo. Presentacións de powerpoint, actividades, información adicional en relación a cada un dos bloques de contidos, etc.
- **Sistema de información KaleidoScapes:** Sistema de creación propia (xunto con César González, investigador do CSIC) que os alumnos e alumnas levan usando varios anos e que foi de grande utilidade durante o confinamento no curso anterior. Neste sistema pódense realizar actividades, traballos de investigación, tests, simulacros de exame e exames reais en caso de necesidade.
- **Vídeo-clases a través da plataforma Cisco Webex Meetings:** No caso de ensino non presencial realizaranse as conexións semana realizaranse no horario de clase marcado para o ensino presencial, non sendo que desde o centro ou a administración se indique outra cousa.
- **Correo electrónico:** Esta é unha ferramenta que se usa de xeito cotiá na materia na modalidade de ensino presencial. No caso de ensino non



presencial, os luns de cada semana enviarase un correo de saúdo e organización da semana, e manterase unha comunicación fluída segundo as necesidades durante a semana.

### 3.4.5 Avaliación e cualificación

#### 3.4.5.1 Instrumentos de avaliación

- **Exames:** Realizarase como mínimo un exame por trimestre. Nas probas escritas poderán incluírse: análise guiada de documentos, preguntas breves e longas, definicións, ubicación espazo-temporal de acontecementos e personaxes, preguntas tipo test, exercicios de relacionar, exercicios de completar textos.
- **Traballo:** Engloba as actividades realizadas polo alumnado e a participación cotiá en clase. As actividades que se poderán realizar ocupando parte do tempo de clase mais tamén na casa ou fóra do centro. Consistirán en: traballos de investigación trimestrais individuais ou grupais, traballos curtos de investigación individuais ou grupais, actividades diversas individuais (exercicios do libro, exercicios con fichas e textos, elaboración de glosarios, esquemas, mapas conceptuais, comentarios de documentos escritos ou audiovisuais).
- **Proba de recuperación:** Será realizada á final da terceira avaliación polo alumnado que non acadara un 5 de media entre as tres avaliacións. A recuperación consistirá nunha proba escrita sobre os contidos das avaliacións que cada alumno e alumna teña suspensas. Tamén se poderá pedir a realización e entrega de traballos ou tarefas do curso que teñan pendentes.
- **Alternativamente,** poderase facilitar ao alumnado que teña máis dificultades en acadar un bo resultado, a posibilidade de subir a cualificación mediante a realización correcta do exame na libreta e/ou mediante a elaboración de pequenos traballos vencellados ao tema abordado.

### 3.4.5.2 Criterios de cualificación

- **Nota mínima necesaria nos exames para non ter que repetir a proba:** Non se exixirá puntuación mínima para non ter que repetir unha proba non superada, senón que se fará media con todas as puntuacións do alumnado.
- **Porcentaxes nos que se divide a cualificación global:** A cualificación global de cada avaliación divídese nas seguintes porcentaxes: resultado dos exames escritos, 80% da puntuación total, e traballo e participación cotiá, 20% da puntuación total.

No caso dos traballos grupais, ofreceremos pautas a seguir para a súa correcta realización e exposición, tales coma: reparto equitativo de tarefas entre os membros do grupo, consulta de diferentes fontes, adecuación do contido, estrutura do traballo equilibrada e axeitada, dominio do tema en cuestión, utilización de distintos medios de comunicación; material de elaboración propia, creatividade e orixinalidade; traballo de fondo na investigación, fluidez na exposición, carácter ameno da presentación e axeitado ao público da aula.

Na realización de tarefas individuais valorarase positivamente: adecuación do contido ao que se pedía, calidade do contido en canto a información ben comprendida, asumida e utilizada, expresión axeitada das ideas, orde e criterio na organización do discurso, achegas propias, boa redacción, ortografía, puntuación e presentación.

- **Cualificación final:** A cualificación final obterase da suma da cualificación global de cada avaliación (segundo as porcentaxes explicadas anteriormente) e a división desta cifra entre tres (correspondentes ás tres avaliación do curso escolar).
- **Recuperación dentro da recuperación da avaliación ordinaria:** A cualificación final da recuperación obterase de facer media entre a nota obtida na proba de recuperación e as restantes notas do curso.
- Se no canto de exame de recuperación o alumnado realiza un **traballo para subir nota**, este poderá subir a nota ata un máximo de dous puntos.

### **3.4.6 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva non presencial e semipresencial**

Ver apartado 2.9.

### **3.4.7 Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC**

Os alumnos e alumnas participarán no programa Prensa-escola de La Voz de Galicia e no club de lectura de novas de xornal.

A biblioteca do centro será lugar de referencia para as consultas bibliográficas necesarias para o desenvolvemento dos diferentes proxectos nos que participa o alumnado: *Proxecto Terra*, *Educación Patrimonial*, *O IESP de Ames*, *un espazo sostible e seguro*, e *Redes de Cooperación para o traballo da memoria democrática e os dereitos humanos*.

Ao longo dos diferentes cursos nos que o alumnado leva participando nestes proxectos foi formándose un fondo bibliográfico e audiovisual significativo sobre os temas de investigación. O fondo que se foi formando ao longo dos anos volverá ser utilizado polo alumnado durante este curso.

### **3.4.8 Actividades complementarias e extraescolares**

Os alumnos e alumnas da materia participarán no *Plan Proxecta* e no *Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)*, ambos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dentro do Plan Proxecta participarán no *Proxecto Terra* e no programa de *Educación Patrimonial*. Como parte do PFPP participarán nos proxectos *IESP de Ames*, *un espazo sostible e seguro*, e *Redes de Cooperación para o traballo da Memoria Democrática e os Dereitos Humanos*.

Os alumnos e alumnas tamén participarán no programa *Prensa-escola* de La Voz de Galicia.

Como parte da participación nestes proxectos os alumnos e alumnas asistirán a charlas (memoria histórica, patrimonio) e obradoiros (teatro, danza, historia oral).

Tamén se poderán desenvolver iniciativas que xurdan ao logo do curso, coma por exemplo: organizar un cinefórum sobre algún contido do curso,

preparar e representar un conxunto de escenas teatrais, participar ou publicar unha revista, participar nunha exposición, elaborar podcasts ou organizar algunha saída didáctica se a evolución da pandemia o permite.

### 3.5 1º ESO: Paisaxe e sustentabilidade

Esta materia desenvolverase segundo o estipulado no decreto 86/2015 e será impartida pola profesora M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández.

#### 3.5.1 Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación

No decreto 86/2015 especificanse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias chave. Na táboa a seguir recollemos esa información e engadimos o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			CC
Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso						
Bloque 1. As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías						
b g h n	B1.1. Dimensión perceptiva das paisaxes. As paisaxes a través dos sentidos. Paisaxes vividas: fotografadas, relatadas e as paisaxes sonoras.	B1.1. Recoñecer a capacidade das paisaxes de xerar emocións individuais e colectivas.	PSB1.1.1. Elabora bosquejos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.	50%	Actividades	CAA CCEC
			PSB1.1.2. Expressa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.	50%	Actividades	CCL
b f h	B1.2. Fisionomía da paisaxe. Elementos visuais nas paisaxes: liñas, formas, volumes, texturas e cores. A súa composición escénica. Transcendencia da escala na análise.	B1.2. Identificar e describir os atributos visuais dos elementos presentes nunha escena paisaxística e os principais trazos da súa composición, segundo a escala.	PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.	50%	Actividades	CCL CMCTT
b e f	B1.3. Paisaxe: manifestación formal das dinámicas antrópicas e naturais a diversas escalas espaciais e temporais.	B1.3. Recoñecer e caracterizar os elementos da matriz biofísica que conforman a estrutura dunha paisaxe, e aqueles outros de orixe	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeoformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.	50%	Actividades	CSC CMCTT CD

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			CC
h	Elementos estruturais e texturais. Matriz biofísica: xeofomas, rede hidrográfica e cuberta vexetal. Usos do solo, formas e elementos: mosaico agrario, rede de asentamentos e redes de mobilidade. Paisaxe urbana.	antrópica e as funcións que estes desenvolven.	PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.	50%	Actividades	CSC CMCTT CD
b f g h m	B1.4. Principios básicos da ecoloxía da paisaxe. Configuración espacial: matriz e teselas identificables nas paisaxes. As súas relacións espaciais e as súas funcións ecolóxicas. Necesaria conectividade nas paisaxes. Papel dos corredores ecolóxicos.	B1.4. Identificar e describir formalmente unidades homoxéneas na escena paisaxística e comprender algunhas das relacións espaciais e dinámicas ecolóxicas básicas que as explican.	PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterizaas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.	50%	Actividades	CMCTT CCL
			PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.	50%	Actividades	CMCTT CCL
b f ñ	B1.5. Diversidade de paisaxes no territorio galego. Tipoloxías segundo dominancia de elementos e principais dinámicas (naturais e culturais). Espazos agroforestais. Espazos construídos: rede urbana e de comunicación. Grandes áreas da paisaxe galega. Principais tipos de paisaxes galegas.	B1.5. Recoñecer os principais tipos de paisaxes: segundo os elementos dominantes, as dinámicas e a funcionalidade (naturais, urbanas e rurais).	PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	50%	Actividades	CMCTT
			PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	50%	Actividades	CMCTT
			PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.	50%	Actividades	CMCTT
Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución						
b f h l ñ	B2.1. Paisaxe: produto social. Respostas culturais e tecnolóxicas da sociedade na súa relación co medio ao longo do tempo.	B2.1. Comprender que a paisaxe é o resultado dunha complexa interacción de factores naturais e humanos, actuando nun sistema espacial diferenciado.	PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.	50%	Actividades	CSC CMCTT CCL
b f g l ñ	B2.2. Continuidade e cambio nas paisaxes. As paisaxes actuais e as súas dinámicas. Pegadas de procesos pretéritos.	B2.2. Comprender que a paisaxe é cambio a calquera escala espacial e temporal á que se analice.	PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.	50%	Actividades	CAA CSC

	Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				CC
b e f g l ñ	B2.3. Procesos históricos que explican as nosas paisaxes.	B2.3. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas no presente de dinámicas pretéritas.	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	50%	Actividades		CAA CSC CD
b e f g h l	B2.4. Equilibrio ecolóxico, equidade social e eficiencia económica nas paisaxes.  Fraxilidade das paisaxes. Necesario respecto ao equilibrio ecolóxico.  Conflitos, impactos e ameazas sobre as paisaxes.	B2.4. Avaliar criticamente as accións do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias ambientais, identificando algúns destes problemas no contexto próximo.	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.	50%	Actividades		CAA CSC CD CMCTT
Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles							
b e f g l ñ	B3.1. Cualificación das paisaxes. Valores que a sociedade lles outorga ás súas paisaxes.  Carácter das paisaxes: esencia dos lugares.  A paisaxe como construción colectiva.	B3.1. Comprender que todas as paisaxes posúen un carácter que as singulariza, froito das súas formas e da súa organización, así como dos valores intanxibles e materiais que cada cultura nun momento da súa historia lles outorga.	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.	50%	Actividades		CAA CSC CMCTT CD
b f l m	B3.2. Valores ecolóxicos. Paisaxes sustentables. Rede de espazos de interese natural recoñecidos no contorno.	B3.2. Comprender que a calidade da paisaxe é un indicador dos seus equilibrios ecolóxicos e sociais e desenvolver unha actitude responsable cara ás condicións ambientais das paisaxes.	PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.	50%	Actividades		CSC CMCTT
b e f l ñ	B3.3. Valores históricos e patrimoniais das nosas paisaxes. Tipoloxías arquitectónicas propias das grandes áreas da paisaxe galega.	B3.3. Entender que a paisaxe é un recurso patrimonial, portador de valores que merecen ser preservados.	PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.	50%	Actividades		CSC CD
b e f g h l ñ o	B3.4. Sinais de identidade das paisaxes galegas.  Toponimia. Nomes das paisaxes.  Manifestacións culturais vinculadas ás paisaxes: festas, lendas, e feiras e mercados.  Literatura e paisaxe.	B3.4. Recoñecer que as paisaxes contribúen intensamente na formación da nosa identidade individual e colectiva.	PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.	50%	Actividades		CAA CSC CCL CD

	Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			CC	
b f g l m ñ	B3.5. Actividades económicas baseadas nos valores culturais e naturais que singularizan o territorio. Fenómeno turístico. Paisaxes como principal activo.	B3.5. Considerar o valor económico das paisaxes, á vez que a súa fragilidade como recurso, xa que depende dun desenvolvemento sustentable.	PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.	50%	Actividades	CAA CSC CMCCT	
Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía							
b f g m	B4.1. Paisaxe, saúde e calidade de vida. Influencia das paisaxes no benestar.  Paisaxe e hábitos saudables.  Benestar emocional e mellora da saúde nunha paisaxe de calidade.	B4.1. Entender que a paisaxe está relacionada co benestar e a calidade de vida.	PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.  PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.	50%	Actividades	CAA CSC CMCCT	
b f l m ñ	B4.2. Ordenación, xestión e protección das paisaxes galegas. Convenio Europeo da Paisaxe.	B4.2. Comprender a necesidade da ordenación e da xestión das paisaxes para a súa salvagarda, e formular actuacións sinxelas, encamiñadas á conservación da paisaxe.	PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.	50%	Actividades	CAA CSC CAA	
a b f g h	B4.3. Participación social na xestión das paisaxes. Exercicio dun dereito. A paisaxe como ben común.	B4.3. Comprender que a paisaxe é un dereito da cidadanía e que require da nosa participación activa.	PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.	50%	Actividades	CAA CSC CCL	

### 3.5.2 Temporalización

A continuación, realizamos unha secuenciación lineal dos contidos da materia, mais é importante aclarar que na práctica moitos destes contidos se traballarán simultaneamente a través do traballo de investigación que realizarán os alumnos e alumnas ao longo do curso.

- 1ª avaliación: Bloque 1 (As lecturas das paisaxes. As súas dimensións e tipoloxías) e Bloque 2 (A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución).

Previsión de datas de entrega de traballos: 26 de outubro de 2021 e 30 de novembro de 2021.

- 2ª avaliación: Bloque 3 (O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles).

Previsión de entrega de traballos: 1 de febreiro de 2022 e 8 de marzo de 2022.

- 3ª avaliación: Bloque 4 (Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía).

Previsión de entrega de traballos: 5 de abril de 2022 e 24 de abril de 2022.

### **3.5.3 Metodoloxía**

A metodoloxía empregada nesta materia busca asegurar a continuidade da actividade de ensino-aprendizaxe nas diferentes modalidades (presencial, semipresencial e non presencial) co menor impacto para o alumnado.

No currículo desta materia recollido no Decreto 86/2015 sinálase que a materia “É unha excelente ocasión para a experimentación nas metodoloxías e na xestión de aula, a partir de proxectos interdisciplinares e tarefas pertinentes e contextualizadas. Baixo os postulados do desenvolvemento de competencias clave, aprender e facer son accións inseparables nesta materia. Por tanto, as metodoloxías recomendadas serán aquelas que requiran mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado; propostas que estimulen a creatividade a partir de traballos baseados en proxectos, que partan do seu contexto próximo como estratexia para introducir aprendizaxes significativas na vivencia e na valoración das súas paisaxes; escenarios de aprendizaxe que integren de xeito natural as ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación.”

Por esta razón consideramos que é axeitado e se axusta ao currículo da materia traballar os contidos desde o proxecto de investigación Patio con(vida) que se está a desenvolver como parte do Proxecto Terra do Plan Proxecta e do proxecto O IESP de Ames, un espazo sostible e seguro, do Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Neste proxecto, comezado xa o curso pasado, analizaremos o espazo do centro como unha paisaxe en si mesma, tanto desde o punto de vista medioambiental como social, e faremos propostas seguindo criterios



internacionais (como os ODS, ou os dereitos humanos) para conseguir un espazo máis sostible.

A nosa proposta consiste na investigación das características do eido do noso instituto tanto desde o punto de vista natural como cultural (o bravo e o manso, tomando unha división empregada tradicionalmente en Galicia) e a dinamización dese espazo renaturalizando certas áreas do eido do centro para poder coñecer e desfrutar da vexetación autóctona e ventureira, contribuíndo así a mellorar o equilibrio medioambiental, e mellorando as zonas máis urbanizadas e culturizadas.

Neste proxecto deberemos buscar o equilibrio entre os beneficios ecolóxicos de renaturalizar o noso contorno coas necesidades de infraestrutura, servizos e mesmo expectativas por parte da sociedade, dun centro educativo.

Sempre se empregará unha metodoloxía activa do alumnado que favoreza a súa participación como cidadáns e cidadás democráticos para a consecución dun mundo máis xusto e sustentable.

Ademais de realizar o proxecto coa paisaxe do centro, traballarase coa contorna inmediata tanto física (o municipio) como emocional (os lugares onde o alumnado teña as súas raíces) dos alumnos e alumnas para investigar sobre aspectos da paisaxe sustentable entendida como paisaxe cultural (patrimonio cultural e natural).

Esta materia impártese en inglés polo que se seguirá a metodoloxía **CLIL/AICLE** (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira).

O principal obxectivo da incorporación da lingua estranxeira ao ensino da materia é que o alumnado acade confianza no uso desa lingua, por iso se intentará que o alumnado acade un uso da lingua estranxeira axeitado ao seu nivel de coñecementos, facendo fincapé no uso vivo da lingua máis que na corrección académica da mesma.

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, reforzando e ampliando o coñecemento e uso da lingua inglesa.
- Formar cidadáns no contexto dun mundo globalizado, a través do achegamento e afondamento noutra cultura, da cal a lingua é un instrumento fundamental.

- Favorecer a participación do alumnado nos programas educativos europeos, tanto no ensino secundario como no universitario, favorecendo unha futura mobilidade tanto persoal como profesional.

A impartición da materia en inglés enmárcase no programa CLIL (Contents and Language Integrated Learning) ou AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras). Este programa promove o uso dunha metodoloxía flexible e dinámica no que se resuman os contidos de xeito que poidan ser traballados nunha lingua estranxeira.

O estudo desta materia en inglés aumenta a dificultade da materia para o alumnado. Por este motivo, introdúcese un apoio en lingua galega para repetir e reforzar as explicacións máis teóricas. A medida que avanza o curso e que o alumnado colle máis confianza en que pode superar a materia malia o uso da lingua inglesa irase diminuindo o apoio na lingua galega.

Levarase a cabo o seguinte procedemento ao longo do curso en relación co progreso do alumnado con respecto á materia e á lingua inglesa. **Dadas as circunstancias actuais de pandemia, realizarase a adaptación que se considere necesaria e axeitada segundo as circunstancias do curso:**

- Antes do comezo do curso, farase unha avaliación inicial dos seus coñecementos da materia así como as súas capacidades lingüísticas en inglés nas catro principais competencias: fala, escoita, escrita e lectura, para coñecer a diversidade do alumnado e poder enfocar mellor a materia e o uso da lingua extranxeira.
- Ao principio do curso introducíranse na aula temas cotiás, para que os alumnos e alumnas se sintan máis cómodos traballando en inglés e deste xeito collan máis confianza nas súas posibilidades.
- Destilaranse os contidos priorizando claramente os máis relevantes e evitando solapamentos, para posibilitar unha aprendizaxe na que teña un peso moi importante a actividade práctica. Non se trata de reducir os coñecementos adquiridos se non de asegurar que o alumnado se centra en aspectos relevantes e non en información de detalle que rematará esquecendo. Ponse o énfase na calidade e relevancia dos contidos adquiridos máis que na cantidade.

- Cando sexa posible, desde a materia de inglés realizaranse actividades relacionadas cos contidos da materia de Ciencias Sociais, Xeografía, para contribuír a reforzar o vocabulario específico.
- Durante o curso, levaranse a cabo reunións coa coordinadora de plurilingüe para avaliar o progreso do alumnado no traballo da materia usando a lingua inglesa e para definir medidas correctoras se existe algún problema.
- Sempre se atenderá á diversidade do alumnado, tanto en relación á materia como á lingua estranxeira, adaptando na medida do posible a actividade de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado.
- Os erros producidos no uso da lingua estranxeira nunca puntuarán negativamente. O uso da lingua inglesa para responder aos exames será optativo e sempre puntuará positivamente.

#### 3.5.4 Materiais e recursos didácticos

Para esta materia usarase material de elaboración propia, documentos escritos e audiovisuais, pero maioritariamente usarase o espazo do municipio de Ames en xeral e o espazo do centro en particular como fontes de información primaria, o que implicará frecuentes saídas ao eido do centro e, se a situación de pandemia o permite, un roteiro polo municipio de Ames.

Os recursos que se poderán empregar para traballar estes materiais son os seguintes:

- **Curso virtual:** No curso virtual de Geography and History enmarcado na aula virtual do centro os alumnos e alumnas teñen ao seu dispor toda a información relativa aos temas do currículo. Presentacións de powerpoint, actividades, información adicional en relación a cada un dos bloques de contidos, etc.
- **Sistema de información KaleidoScapes:** Sistema de creación propia (xunto con César González, investigador do CSIC) que os alumnos e alumnas levan usando varios anos e que foi de grande utilidade durante o confinamento no curso anterior. Neste sistema pódense realizar actividades, traballos de investigación, tests, simulacros de exame e exames reais en caso de necesidade.

- **Vídeo-clases a través da plataforma Cisco Webex Meetings:** No caso de ensino non presencial realizaranse as conexións semana realizaranse no horario de clase marcado para o ensino presencial, non sendo que desde o centro ou a administración se indique outra cousa.
- **Correo electrónico:** Esta é unha ferramenta que se usa de xeito cotiá na materia na modalidade de ensino presencial. No caso de ensino non presencial, os luns de cada semana enviarase un correo de saúdo e organización da semana, e manterase unha comunicación fluída segundo as necesidades durante a semana.

### 3.5.5 Avaliación e cualificación

Os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación, son coherentes cos principios comúns especificados no apartado, *avaliación, cualificación e promoción do alumnado*. Neste apartado trataremos unicamente aqueles aspectos que son específicos desta materia

#### 3.5.5.1 Instrumentos de avaliación

- **Traballos de investigación:** Os alumnos e alumnas realizarán un traballo de investigación durante o curso que se dividirá en tres partes, coincidindo cada unha das partes cun trimestre e unha avaliación. Estes traballos de investigación versarán sobre o contorno físico ou emocional do alumnado e o propio espazo do centro escolar, tomado como unha paisaxe.
- **Participación na aula:** Os alumnos e alumnas participarán de xeito cotiá en actividades deseñadas para cada xornada lectiva. Terase en conta o desenvolvemento das actividades propostas e tamén a súa actitude na aula en relación ás competencias clave: competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- **Proba de recuperación ordinaria:** O alumnado que non acade o 5 e non deberá entregar na data marcada para a recuperación o traballo que teña pendente.
- **Avaliación extraordinaria:** Os alumnos e alumnas que non conseguisen un cinco durante a avaliación ordinaria deben entregar o traballo de investigación completo.

### 3.5.5.2 Criterios de cualificación

- **Nota mínima necesaria nos exames para non ter que repetir a proba:** Non se exixirá puntuación mínima para non ter que repetir unha proba non superada, senón que se fará media con todas as puntuacións do alumnado.
- **Porcentaxes nos que se divide a cualificación global:** A cualificación global de cada avaliación divídese nas seguintes porcentaxes: o traballo de investigación constituirá o 80% da puntuación total, e traballo e participación cotiá representará o 20% da puntuación total.
- **Cualificación final:** A cualificación final obterase da suma da cualificación global de cada avaliación (segundo as porcentaxes explicadas anteriormente) e a división desta cifra entre tres (correspondentes ás tres avaliación do curso escolar).
- **Recuperación dentro da recuperación da avaliación ordinaria:** A cualificación final da recuperación obterase de facer media entre a nota obtida na proba de recuperación e as restantes notas do curso.

### 3.5.6 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividad lectiva non presencial e semipresencial

A programación da materia está pensada para desenvolverse presencialmente. No caso de actividad lectiva semipresencial ou non presencial manteríanse os contidos, tal e como se explica no apartado 2.9, pero estes ilustraríanse con fontes secundarias (documentos escritos, audiovisuais e cartográficos) no canto de utilizar as fontes primarias do contorno do alumnado e do centro escolar.

Na actividade semipresencial ou non presencial seguiríase a realizar o traballo de investigación individual ou en equipo a través da plataforma KaleidoScapes, variando o tema de investigación en función das condicións do alumnado.

### 3.5.7 Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC

Como parte do desenvolvemento do proxecto Patio con(vida) utilizaremos as fontes primarias ofrecidas polo propio espazo do centro e fontes secundarias, tanto escritas como audiovisuais.

De acordo co lema das bibliotecas escolares deste curso: A biblioteca toma a palabra, daremos especial importancia aos aspectos relacionados co patrimonio inmaterial relacionado coas paisaxes (lendas, refráns, testemuños orais).

O curso pasado (2020-2021) a Biblioteca do centro incorporou diferentes libros e material audiovisual de apoio ao desenvolvemento deste proxecto que seguiremos utilizando durante este curso. Ademais, este curso solicitaremos á Biblioteca algunha nova bibliografía:

- Sandoval Rey, S., Romay cousido, C. D. (2013): Cuándo ver aves en Galicia. Propuestas mes a mes para familias, aficionados y expertos. Birding Series. Editorial Tundra.
- Fernández Martínez, M., Silvar, C. (2019): Guía das libélulas de Galicia. Serie Baía Verde. Baía Edicións.

As publicacións coas que seguiremos traballando son:

- A chave (2020): Os nomes galegos de plantas e árbores. Xinzo de Limia. Ourense. [https://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave\\_osnomesgalegosdas\\_plantas\\_e\\_arbores\\_2020.pdf](https://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdas_plantas_e_arbores_2020.pdf)
- ADEGA (2018): Informe de resultados da ecoauditoría no IESP de Ames. Educación ambiental. Non publicado.
- Asensi Cabirta, M. (2006): Guía dos anfibios e réptiles de Galicia. Guía da natureza. Baía Verde. Baía edicións.
- Ballesteros, E.; Santamás, J. (2019): Vida. Herbario ilustrado. Editorial Bridge. Barcelona.
- Bradbury, K. (2019): Wildlife gardening for everyone and everything. Royal Society of Wildlife Trusts. Editorial: Bloomsbury. London.
- Cartelle, Y.; Díaz d'A Silva, J. I.; Silvar, C. (2007): Guía de mamíferos de Galicia. Guía da natureza. Baía Verde. Baía edicións.
- Cartografía dixital do Instituto Geolóxico y Minero de España: MapasIGME - Portal de cartografía del IGME: Cartografía del IGME
- Geomap:GeaMap.com: visualiza mapas online
- Gende Barbeito, A. (2009): Aves do Val da Maía. Concello de Ames.

- Fernández de Ana Magán, F.J. e Rodríguez Fernández, A. (2000): Os cogumelos nos ecosistemas forestais de Galicia. Edicións Xerais de Galicia.
- Fitzgerald, J. (2020): Greenovation. Urban leadership on climate change. Oxford University Press
- Flora de Galicia: Flora de Galicia | Identificando plantas y otras cosas por la naturaleza gallega. Botanizing and more along Galicia's natural environment. (wordpress.com)
- García, X. R. (2008): Guía das plantas de Galicia. Edicións Xerais. Colección Natureza.
- Goulson, D. (2020): The garden jungle or gardening to save the planet. Editorial Vintage.
- Hildebrand, C. (2016): Herbarium. Editorial:Thames and Hudson. London.
- IGN. Comparador de mapas: Comparador Mapas | IGN CNIG
- Niño Rici, H. e Silvar, C. ((1997): Guía das árbores de Galicia. Guía da natureza. Baía Verde. Baía edicións.
- Palacios Palomar, C. J. (2019): Natural mente: Píldoras de ciencia y conciencia para disfrutar de la naturaleza sin dañarla. Editorial: Plaza y Valdés, S. L.
- Parente, L e Pérez, R. (2013): Charcas con vida. Construción e recuperación de pequenas charcas. ADEGA. Santiago de Compostela.
- Penas Patiño, X.M.; Pedreira López, C.; Silvar, C. (1991): Guía das aves de Galicia. Guía da natureza. Baía Verde. Baía edicións.
- Rouse, D. (2020): How to attract birds to your garden. Editorial DK. London
- Strange, N. (2019): Arte botánico con acuarela: 20 proyectos con plantas paso a paso. Editorial Gustavo Gili S.L.
- The Butterflies brothers (2020): Wild your garden. Create a sanctuary for nature. Editorial DK. London

Wikipedia (versión galega, española e inglesa) para consultar información variada en relación ás especies catalogadas. Wikipedia - Wikipedia, a enciclopedia libre,

### 3.5.8 Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos e alumnas da materia participarán no *Plan Proxecta* e no *Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)*, ambos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dentro do Plan Proxecta participarán no *Proxecto Terra*. Como parte do PFPP participarán no proxecto *IESP de Ames, un espazo sostible e seguro*.

O desenvolvemento da materia incluírá frecuentes saídas ao eido do centro para analizar o IESP de Ames como paisaxe.

Tamén se desenvolverán actividades diversas como charlas (morcegos, poninizadoras, patrimonio), obradoiros (creación de caixas-niños, casas para insector, bolboretario), celebracións (foliada, obradoiros de danza, observación de estrelas).

No caso de que a situación de pandemia o permita tamén se realizará un roteiro polo municipio de Ames.

---

## 3.6 1º Bacharelato: Historia do Mundo Contemporáneo

Esta materia desenvolverase segundo o estipulado no decreto 86/2015 e será impartida pola profesora M<sup>a</sup> José Costa Alcalde.

### 3.6.1 Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación

No decreto 86/2015 especificanse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Na táboa a seguir recollemos esa información e engadimos o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
	Bloque 1. O Antigo Réxime					
a b	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do	CSC CAA



	Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
c d e h		demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.			alumnado	CCL
			HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CAA CCL CD
			HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CAA CCL CCEC
			HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CAA CCL
a b c d e h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CAA CCL
			HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CAA CCL
a b c d e h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CSC CCEC CCL
d e g m n	B3.13. Traballo de investigación en historia da arte.	B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B3.14. Conservación do patrimonio: arte moderna.	B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSIEE

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
	Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación					
n	B4.1. A figura de Goya.	B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.	HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
d e m n	B4.2. Comentario de obras de arte: Goya.	B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808", desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra", "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B4.3. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno.	B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSC CMCCT
			HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL

Historia da Arte. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
d e m n	B4.4. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.	B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B4.5. Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.	B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
			HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B4.6. Función social da arte no século XIX.	B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.	HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.	50%	Proba oral ou escrita  Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC



	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Objec-tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
d e m n	B4.7. Comentario de obras de arte: o século XIX.	B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ángelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B4.8. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.	B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSC
			HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
d e m n	B4.9. Comentario de obras de arte: século XIX.	B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
d e g m n	B4.10. Traballo de investigación en historia da arte.	B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CD CSIEE



	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
h n p	B4.11. Conservación do patrimonio: arte do século XIX.	B4.11. Respeitar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX						
n	B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
			HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSC
			HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
			HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
			HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n e	B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.	B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerge", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.	B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
en	B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.	B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Savoia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
de g m n	B5.5. Traballo de investigación en Historia da Arte.	B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.	HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españoles Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CD CSIEE
d h m n p	B5.6. Conservación do patrimonio: arte do século XX.	B5.6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.	HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX						
n	B6.1. Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.	B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.	HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
			HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
d e m n	B6.2. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.	B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B6.3. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.	HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
			HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
			HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
d e m n	B6.4. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.	B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura"(Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe"(serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra"(estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA
n	B6.5. Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.	B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.	HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL
i n	B6.6. Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística.	B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.	HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CMCCT CD
n	B6.7. Arte e cultura visual de masas.	B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.	HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
			HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CSC
h n	B6.8. O patrimonio artístico	B6.8. Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos,	HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL

	Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe			Competencias clave
p	como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.	valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.	HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL CAA CD CSIEE
	Bloque 7. O vocabulario artístico					
e n	B7.1. Vocabulario artístico.	B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.	HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.	50%	Proba oral ou escrita Traballo do alumnado	CCEC CCL

### 3.8.2 Temporalización

- 1ª avaliación: Bloque 1 (Raíces da arte europea: o legado clásico. Grecia e Roma), Bloque 2 (Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval. Arte bizantina. Arte prerrománica. Arte gótica).
- 2ª avaliación: Bloque 3 (Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno. Renacemento e Barroco.?).
- 3ª avaliación: Bloque 4 (O século XIX: a arte nun mundo en transformación. Goya. O Impresionismo e o Postimpresionismo), Bloque 5 (A ruptura coa tradición: a arte na primeira metade do século XX. As Vangardas: Fauvismo, Expresionismo, Cubismo, Neoplasticismo, Dadismo, Surrealismo. O Movemento Moderno de Arquitectura), Bloque 6 (A universalización da arte desde a segunda metade do século XX. Expresionismo abstracto. Informalismo. Arte conceptual y Minimalismo. Pos Art. Performances).

En total imos estudar, segundo a proposta da CIUG para a preparación de ABAU: 26 obras de arte antiga e medieval no primeiro trimestre, 38 obras de arte moderna no segundo trimestre e, por último, 42 obras de arte contemporánea no terceiro trimestre

Consideramos esta distribución bastante equilibrada, pois no primeiro trimestre imos ver obras de estilos moi distintos que se estenden ao longo dun período histórico bastante extenso, no segunda abordaremos o mundo moderno, a súa vez tamén denso en obras e contido, e para rematar veremos un maior número de obras de arte contemporánea que, nembargantes, concéntrase no tempo e correspondena unha mesma época.

As principais novidades en relación ao curso pasado serían: a recuperación da arte prerrománica e de determinadas obras de arte moderna e contemporánea, xunto coa significativa incorporación de obras de artistas *mulleres*, antes ausentes do temario. Concretamente, estudiaremos a artista barroca Artemisia Gentilleschi e ás pintoras doséculo XX: Frida Khalo e Maruja Mallo, así coma as artistas contemporáneas Marina Abramovic, Cindy Sherman e Louis Bourgeois.

### **3.8.3 Metodoloxía**

Os criterios metodolóxicos que se empregarán serán os seguintes:

- Partida das capacidades do alumnado.
- Facilitación da autonomía e os instrumentos que permitan ao alumnado aprender por si propio empregando distintas estratexias.
- Motivar ao alumnado procurando espertar o seu interese pola materia, pola aprendizaxe, estimulando os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar a participación do alumnado na dinámica da aula, tanto na súa implicación individual como formando parte do colectivo (actitude colaborativa).
- Formular de xeito claro os contidos, estratexias, métodos e obxectivos de cada contido, criterio de avaliación e estándares de aprendizaxe.
- Estimular o rigor e a claridade no desenvolvemento das actividades e tarefas.
- Utilización, na medida do posible dos medios TIC con que conta o centro e o alumnado, facilitando o seu uso.

### 3.8.4 Materiais e recursos didácticos

Recoméndase o libro de texto tanto en versión castelá como galega: Triadó Tur, J. R. et al. (2016): Historia del Arte. Editorial Vicens Vives. 978-84-682-3580-9; ou Historia da Arte. Editorial Vicens Vives. 978-84-682-3638-4.

A profesora proverá o material necesario para a adquisición dos coñecementos, polo que non é obrigatorio.

Existen dous exemplares na Biblioteca do Centro (un castelán e outro en gaglego) a disposición do alumnado.

### 3.8.5 Avaliación e cualificación

Os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación, son coherentes cos principios comúns especificados no apartado, *avaliación, cualificación e promoción do alumnado*. Neste apartado trataremos unicamente aqueles aspectos que son específicos desta materia

#### 3.8.5.1 Instrumentos de avaliación

- **Probas escritas.** Realizarase polo menos un exame cada trimestre seguindo o modelo de ABAU, pero coas modificacións que a profesora considere oportunas desde o punto de vista pedagóxico.
- **Traballo e participación:** Realizaranse exercicios-comentarios, exercicios de vocabulario e terase en conta a participación cotiá na aula.
- **Probas de recuperación:** A profesora poderá realizar unha recuperación da materia suspensa na primeira e segunda avaliacións a aqueles alumnos/as suspensos, no inicio da avaliación seguinte.
- **Recuperación final ordinaria:** Será realizada á final da terceira avaliación **polo** alumnado que non acadara un 5 de media entre as tres avaliacións. A recuperación consistirá nunha proba escrita sobre os contidos das avaliacións que cada alumno e alumna teña suspensas.
- **Probas opcionais:** Os alumnos e alumnas que teñan intención de presentarse á ABAU poderán realizar probas trimestrais, cuadrimestrais ou con bloque de temas ao longo do curso.



### 3.8.5.2 Criterios de cualificación

- **Nota mínima necesaria nos exames para non ter que repetir a proba:** Non se exixirá puntuación mínima para non ter que repetir unha proba non superada, senón que se fará media con todas as puntuacións do alumnado.
- **Porcentaxes nos que se divide a cualificación global:** A cualificación global de cada avaliación divídese nas seguintes porcentaxes: resultado dos exames escritos, 90% da puntuación total, e traballo e participación cotiá, 10% da puntuación total.
- **Probas opcionais:** As probas opcionais non obrigatorias non baixan nota senón que só a suben e poderán facelo ata un máximo de 2 puntos.
- **Cualificación final:** A cualificación final obterase da suma da cualificación global de cada avaliación (segundo as porcentaxes explicadas anteriormente) e a división desta cifra entre tres (correspondentes ás tres avaliación do curso escolar), pero non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das cualificacións parciais, senón que a profesora valorará a evolución do alumno/a o longo do curso.
- **Recuperación dentro da recuperación da avaliación ordinaria:** A cualificación final da recuperación obterase de facer media entre a nota obtida na proba de recuperación e as restantes notas do curso.

### 3.8.6 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividad lectiva non presencial e semipresencial

Ver apartado 2.9.

### 3.8.7 Contribución ao proxecto lector e ao desenvolvemento das TIC

Ver apartados 2.15 e 2.16.

### 3.8.8 Actividades complementarias e extraescolares

Poderanse realizar saídas do centro, sempre que a situación pandémica o permita, tanto para coñecer in situ obras da nosa contorna (visita á Santiago de Compostela, por exemplo), coma para coñecer monumentos e visitar Museos doutros lugares (Posibles visitas a Madrid, Roma ou París). Neste segundo

caso, a viaxe realizaríase no primeiro trimestre ou a principios do segundo, co fin de interferir o menos posible co ritmo usual do curso.

### 3.9 2º Bacharelato: Xeografía

Esta materia desenvolverase segundo o estipulado no Decreto 86/2015 e será impartida pola profesora M<sup>a</sup> Isabel Cobas Fernández.

Dado que o alumnado terá que realizar un exame externo da materia ao final de curso dentro da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), é inevitable que o deseño da programación da materia se vexa fortemente influído polas directrices publicadas polo grupo de traballo de Xeografía da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) para ditas probas (ver [ciug.gal/grupos/xeografia.php](http://ciug.gal/grupos/xeografia.php)).

Polo de agora non foron publicadas aínda as indicacións da CIUG con respecto ao exame da ABAU 2021-2022. A programación será modificada, se for preciso, coas consignas que se reciban ao respecto ao longo do curso.

#### 3.9.1 Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e instrumentos de avaliación

No decreto 86/2015 especificáanse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias chave. Na táboa a seguir recollemos esa información e engadimos o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico						
de g i l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
degi	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA CCL
			XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	50%	Exame e observación na aula	CMCCT CAA
dgil	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CAA CD
dgi	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA CD
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CD
degi	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
degi	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica						
degi	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	50%	Exame	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
d e g i l	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	50%	Coñecemento transversal na pregunta práctica do exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	50%	Actividade na aula	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	50%	Actividade na aula	CMCCT CAA CCL
			XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	50%	Actividade na aula	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación						

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
d g i l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CA CD
d e g i l	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciais.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	50%	Exame, actividade e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	50%	Exame e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	50%	Exame, actividade e participación na aula.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
degipl	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	50%	Exame, actividades e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	50%	Actividade na aula	CMCCT CAA CCL CD
dgil	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
degipl	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseres de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan.	50%	Actividade na aula	CMCCT CA CD
			XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	50%	Exame, actividades e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 4. A hidrografía						
degipl	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	50%	Participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
degipl	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
degipl	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	50%	Exame e participación na aula	CMCCT CAA

Xeografía. 2º de bacharelato.						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Limiar mínimo	Instrumento de avaliación	Competencias clave
d e g i l	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	50%	Participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	50%	Participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
			XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	50%	Exame, actividade e participación na aula	CMCCT CAA CCL CD
